

Comeza o X Ciclo Escritoras/es na Universidade

A AELG presentou tamén a VIII Xornada de
Literatura de Tradición Oral centrada no
SEXO



30 / 9 / 2015 /

Santiago. Redacción

Rosa Enríquez e Teresa Moure inauguran mañá, 1 de outubro, o X Ciclo de mesas redondas Escritoras/es na Universidade, que se celebra este ano co lema *Afinidades electivas?*. O Salón de actos da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo acolle este primeiro encontro, centrado na poesía. Seguirán outras dúas sesións, desta volta no Charenton Club Cultura, unha delas o día 9 de outubro na que Juan Tallón e Manuel Darriba debaterán sobre narrativa, e a terceira o día 16 con Clara Gayo e Marta Pérez e o teatro como protagonista.

O anuncio desta actividade da Asociación de Escritores en Lingua Galega coincidiu coa presentación do novo web deste colectivo, que tamén daba a coñecer outra das súas actividades

tradicionais. O Salón de Actos da Biblioteca Pública de Lugo acollerá o vindeiro 24 de outubro a VIII Xornada de Literatura de Tradición Oral, que se centrará nesta ocasión sobre Sexo e obscenidade na literatura de tradición oral. Arquetipos sexistas, poética do noxo, contos eróticos, prexuizos e tabús abordaranse da man de especialistas como Xosé Miranda, Olga Novo ou Rubén Aramburu entre outros.

X CICLO
**ESCRITORÆS
NA UNIVERSIDADE**
AFINIDADES
ELECTIVAS

POESÍA
ROSA ENRÍQUEZ
TERESA MOURE
1 OUTUBRO 13.00 h
Salón de actos da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo (Campus Lagos-Marcosende)

NARRATIVA
JUAN TALLÓN
MANUEL DARRIBA
9 OUTUBRO 19.30 h
Charenton ClubCultura (Ramón Nieto, 58)

TEATRO
CLARA GAYO
MARTA PÉREZ
16 OUTUBRO 19.30 h
Charenton ClubCultura (Ramón Nieto, 58)



   

Material complementario

[literatura \(tematica.php?tematica=literatura\)](#)